

# MINISTERIO DE CIENCIA E TECNOLOXÍA

**14078** *REAL DECRETO 601/2002, do 28 de xuño, polo que se regulan as bases e réxime de funcionamento da liña de apoio á capitalización de empresas de base tecnolóxica e se realiza a convocatoria das axudas a que se refire a dita liña. («BOE» 169, do 16-7-2002.)*

A dispoñibilidade do capital propio nas fases iniciais de creación e desenvolvemento de empresas de base tecnolóxica está unanimemente identificada como a restricción máis importante existente en España e outros países europeos ó desenvolvemento tecnolóxico.

Por iso a disposición adicional segunda da Lei 6/2000, do 13 de decembro, pola que se aproban medidas fiscais urxentes de estímulo ó aforro familiar e á pequena e mediana empresa, crea, no seu punto 1, unha liña de apoio de capitalización de empresas de base tecnolóxica co obxectivo de lles conceder préstamos especiais ás entidades de capital-risco para que participen temporalmente no capital de empresas tecnolóxicas.

Este real decreto ten por obxecto desenvolver os preceptos contidos no citado punto 1 da disposición adicional segunda da Lei 6/2000, do 13 de decembro, definindo os axentes que interveñen, regulando as condicións de contratación e liquidación, os criterios e procedementos de concesión dos préstamos que o Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía concede para a capitalización de empresas tecnolóxicas, e realizando unha convocatoria destinada ás empresas financeiras.

O real decreto fixa os requisitos dos suxeitos intervinientes, tanto das entidades de capital-risco como das empresas nas que as ditas entidades participan. Determina, así mesmo, os criterios que se deberán aplicar ós proxectos de investigación científica ou de desenvolvemento tecnolóxico presentados polas empresas de base tecnolóxica, entre os que figura en primeiro termo a adecuación dos ditos proxectos ó Plan Nacional de Investigación Científica, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica. En consecuencia, este real decreto dítase ó abeiro da competencia estatal sobre fomento e coordinación da investigación científica e técnica, de acordo co artigo 149.1.15.<sup>a</sup> da Constitución.

A Comisión Europea aprobou o réxime de axudas previstas por este real decreto, con data do 11 de decembro de 2001, ó ser conformes co artigo 87.3.c) do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea e a Comunicación da Comisión Europea sobre axudas estatais e capital-risco (2001/C 235/03), publicada no «Diario Oficial de las Comunidades Europeas» C 235, do 21 de agosto de 2001.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Ciencia e Tecnoloxía, coa previa aprobación do ministro de Administracións Públicas, oído o Consello de Estado e logo da deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 28 de xuño de 2002,

DISPONGO:

CAPÍTULO I

Descrición da liña de apoio

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto regular a concesión de préstamos a determinadas entidades financeiras para

que participen temporalmente no capital de empresas tecnolóxicas non financeiras que comencen a súa actividade ou que leven menos de dous anos de funcionamento, conforme o establecido nos artigos seguintes e de acordo co previsto na disposición adicional segunda.1 da Lei 6/2000, do 13 de decembro, pola que se aproban as medidas fiscais urxentes de estímulo ó aforro familiar e á pequena e mediana empresa.

Artigo 2. *Suxeitos.*

1. Poderán ser beneficiarias dos préstamos do Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía as entidades financeiras establecidas no Espacio Económico Europeo que teñan por obxecto social a participación temporal no capital de empresas non financeiras, cando acheguen capital a empresas de base tecnolóxica. Estas entidades financeiras serán denominadas en diante entidades investidoras.

2. Entenderase, para os efectos deste real decreto, por empresas de base tecnolóxica aquelas empresas non financeiras que leven a cabo en España proxectos de investigación científica e desenvolvemento tecnolóxico. Enténdense por estes últimos aqueles proxectos nos que o resultado sexa un avance tecnolóxico na obtención de novos produtos, procesos ou servicios ou a mellora substancial dos xa existentes. Estes proxectos poden formar parte do patrimonio industrial da empresa ou ben ser desenvolvidos por ela aínda que pertencen ó patrimonio industrial doutra empresa ou entidade.

3. As entidades de capital-risco españolas que soliciten as axudas previstas neste real decreto deberán estar rexistradas na Comisión Nacional do Mercado de Valores ou supervisadas polo Banco de España.

Artigo 3. *Requisitos das entidades intervinientes.*

1. As entidades investidoras deberán aplicar con exclusividade os préstamos desta liña á toma de participación no capital de empresas nas que se cumpran os seguintes requisitos:

a) Que sexan pequenas empresas, segundo a definición comunitaria establecida na Recomendación 96/280/CE, do 3 de abril, da Comisión.

b) Que inicien a súa actividade ou, cando se trate de ampliacións de capital de empresas xa existentes, que leven menos de dous anos de funcionamento.

c) Que sexan empresas de base tecnolóxica, segundo se definiu no punto 2 do artigo anterior.

d) Que sexan empresas que, no momento da toma de participación, non coticen no primeiro mercado das bolsas de valores.

e) Que non pertencen ós sectores da construción naval, carbón ou siderurxia do ámbito do Tratado CECA.

f) Que se comprometan a non solicitar ningunha axuda estatal ó investimento que non sexa «de minimis» durante os tres anos seguintes á toma de participación no seu capital pola entidade investidora, o que significa que en ningún caso as axudas ó investimento poderán supera-lo límite actual de 100.000 euros en tres anos para unha mesma empresa, conforme o Regulamento (CE) 69/2001, da Comisión, do 12 de xaneiro, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea ás axudas «de minimis».

2. As entidades investidoras deberán realizar e xustificar a súa achega ó capital da empresa de base tecnolóxica dentro dos dous meses posteriores á notificación da resolución de concesión. O pagamento da axuda estará condicionado á xustificación documental da realización da dita achega.

3. Para os efectos deste real decreto, considerarase que a empresa de base tecnolóxica está en funcionamento cando teña en nómina un mínimo de dúas persoas e realizase investimentos en equipos por un valor mínimo de 120.000 euros. A partir desta data, xustificada por nóminas e facturas de equipos, contabilizaranse os dous anos de funcionamento citados, fixados como un máximo.

#### Artigo 4. *Contía máxima das achegas.*

1. A participación da entidade investidora na empresa de base tecnolóxica non poderá exceder de 500.000 euros. Non obstante, en rexións que cumpran os requisitos para recibir axudas de acordo coas letras a) ou c) do punto 3 do artigo 87 do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea, o dito límite elevarase a 1.000.000 de euros e 750.000 euros, respectivamente.

2. Para estes efectos considerarase que forman parte da mesma achega as sucesivas achegas de capital realizadas ou comprometidas dentro dos seis meses posteriores á realización da primeira achega.

3. Os límites anteriores refírense a un determinado proxecto nunha empresa de base tecnolóxica, independentemente de que a achega sexa realizada por unha soa entidade investidora ou por varias entidades investidoras coordinadas por unha entidade solicitante, tal como se indica no artigo 9.4.

#### Artigo 5. *Condicións financeiras dos préstamos.*

1. Os préstamos concederanse a xuro cero, sen avais nin garantías adicionais á viabilidade do proxecto.

2. A súa contía alcanzará como máximo o 70 por cento da participación das entidades investidoras na empresa de base tecnolóxica correspondente cando estea situada nas rexións a que fai referencia o punto 1 do artigo 4, e acadará o 50 por cento como máximo nos demais casos.

3. O prazo máximo de amortización será de sete anos, contados desde a data de formalización da toma de participación, cancelándose con anterioridade se se producise antes o desinvestimento da entidade investidora; neste caso procederase de inmediato á liquidación do préstamo.

4. A liquidación dos préstamos efectuarase, dunha soa vez, no canto de polo seu importe orixinario, polo seu valor actualizado en función do que teñan as accións da empresa participada no momento do desinvestimento, se se produce antes do prazo máximo de concesión, ou ó final do prazo de concesión, se non houbo un desinvestimento previo. Por tanto, no caso de minusvalías devolverase menos cantidade da prestada e, no caso de plusvalías, procederase segundo se indica no artigo 6.

5. Para calcula-lo valor actualizado multiplicarase o nominal prestado polo valor unitario das accións no momento da liquidación e dividirase polo valor unitario das accións no momento da toma de participación, respectando o indicado nos puntos 6 e 7 deste artigo.

6. O valor das accións no momento de liquidación será o maior dos seguintes:

a) O de venda.

b) O valor teórico contable, determinado por empresas auditoras externas, no momento do desinvestimento, se se produce antes do prazo máximo de concesión, ou ó final do período de concesión. O custo da auditoría será por conta da entidade financeira prestameira, segundo se establece no artigo 18.

7. O valor das accións no momento da toma de participación será o valor unitario da súa adquisición pola entidade investidora e será explicitado por cada

entidade ó xustifica-la súa achega á empresa de base tecnolóxica, esixida no artigo 15.3.d).

8. As accións a que se refire o punto 6 serán da mesma clase que as que tomase a entidade investidora ó participar no capital da empresa de base tecnolóxica.

9. Non obstante o anterior, e como alternativa ó establecido nos puntos 3 a 7 anteriores, a entidade investidora poderá, en calquera data anterior ó cumprimento do prazo final de amortización do préstamo estipulado no correspondente contrato, e sen a esixencia de que se produza desinvestimento, devolver, dunha soa vez, o seu nominal máis unha compensación calculada nos termos que a continuación se expoñen:

$$C = N \times i \times d / 360$$

Onde,

«C» é a compensación.

«N» é o nominal do préstamo.

«i» é a media dos valores diarios do tipo Euribor 12 meses (ano) desde o primeiro día do mes natural inmediato posterior á data de desembolso do préstamo ata o último día do mes natural inmediato anterior á data da súa devolución, publicados polo Banco de España, máis 0,25 por cento.

«d» é o número de días transcorridos desde a data de desembolso do préstamo ata a data da súa devolución, sen incluír esta última.

Nesta forma de liquidación non procederá o cálculo de plusvalías a que se refire o artigo seguinte.

#### Artigo 6. *Plusvalías e primas de éxito.*

1. As plusvalías son a diferenza positiva entre o valor actualizado do préstamo no momento da liquidación, calculado segundo o establecido nos puntos 4 a 7 do artigo anterior, e o valor nominal do préstamo concedido.

2. A Comisión de Avaliación a que se refire o artigo 12 deste real decreto, seguindo os criterios de valoración previstos no artigo 13, proporá unha prima de éxito para a entidade investidora. Nesta prima de éxito quedarán comprendidos os gastos por selección e xestión de proxectos e calcularase aplicándolle á plusvalía explicada no punto anterior un coeficiente que oscile entre 0,5 e 0,8.

3. O valor de liquidación calcularase deducindo do valor actualizado do préstamo o importe da prima de éxito.

#### Artigo 7. *Financiamento.*

1. No exercicio 2002 a concesión de préstamos financiarase con cargo ás partidas orzamentarias 20.11.542E.82 e 20.11.542E.83, ou ben con cargo ás partidas orzamentarias 20.14.542N.82 e 20.14.542N.83, dependendo de que os proxectos aprobados se refiran a empresas de base tecnolóxica do campo do ámbito de competencia da Dirección Xeral de Política Tecnolóxica ou do da Dirección Xeral para o Desenvolvemento da Sociedade da Información. En exercicios sucesivos financiaranse con cargo ás aplicacións orzamentarias equivalentes, dentro dos límites de importe total máximo das operacións que fixen as correspondentes leis de orzamentos xerais do Estado, en cumprimento do previsto polo último parágrafo do punto 1 da disposición adicional segunda da Lei 6/2000.

2. En ningún caso se poderán adquirir compromisos de gasto por contía superior ó importe dos créditos autorizados nas citadas partidas orzamentarias, sendo nulos de pleno dereito os actos que infrinxan esta norma, de conformidade co previsto no artigo 60 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria.

## CAPÍTULO II

## Procedemento de xestión

Artigo 8. *Réxime de concesión.*

As axudas desta liña concederanse en réxime de concorrencia non competitiva.

Artigo 9. *Solicitudes.*

1. As solicitudes para a obtención das axudas formalizaranse segundo os modelos e instrucións que figuran como anexo deste real decreto.

2. As solicitudes, xunto coa preceptiva documentación, dirixiranse ó órgano competente para a súa xestión, mencionado no punto 1 do artigo 11 deste real decreto.

3. A solicitude deberá ir asinada polo representante da entidade investidora, no caso de que sexa unha única entidade a que realiza a achega de capital, ou polo coordinador do proxecto de participación, segundo se regula no punto seguinte.

4. No caso de que na toma de participación no capital da empresa de base tecnolóxica interveñan varias entidades investidoras, unha delas actuará como coordinador e as demais como participantes. O coordinador será o solicitante da axuda e o responsable, como beneficiario, da realización da toma de participación na empresa de base tecnolóxica ante o Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía. Para tal fin, canalizará a relación cos participantes e, chegado o caso, achegará a documentación xustificativa da realización do proxecto ou actuación. O pagamento da axuda concedida realizarase ó coordinador, quen responderá da transferencia a cada participante dos fondos que lle correspondan segundo o acordo que entre eles se estableza.

Artigo 10. *Formalización e presentación de documentación.*

1. A documentación que hai que presentar para a solicitude e a súa formalización detállanse no anexo I deste real decreto.

2. Unha vez resolta e, se é o caso, concedida a axuda solicitada, requirirase a documentación adicional relacionada no artigo 17 deste real decreto para poder proceder ó pagamento.

Artigo 11. *Órganos competentes para a xestión das axudas.*

1. O órgano competente para a instrución do procedemento para a concesión das axudas será a Dirección Xeral de Política Tecnolóxica ou a Dirección Xeral para o Desenvolvemento da Sociedade da Información, segundo a natureza do proxecto.

2. A resolución do procedemento corresponderalle ó secretario de Estado competente pola natureza do proxecto, ou ó órgano directivo en que se tivese delegada a dita competencia.

Artigo 12. *Comisión de avaliación.*

1. A comisión de avaliación estará presidida polo director xeral de Política Tecnolóxica, ou polo director xeral para o Desenvolvemento da Sociedade da Información, en función da natureza dos proxectos analizados.

Corresponderalle a vicepresidencia primeira ó director xeral dos dous citados anteriormente que non actúe como presidente.

Corresponderalle a vicepresidencia segunda ó director xeral de Investigación.

Serán vocais da dita comisión:

a) Dous representantes, con rango de subdirector xeral ou asimilado, da Dirección Xeral de Política Tecnolóxica.

b) Un representante, con rango de subdirector xeral ou asimilado, da Dirección Xeral de Investigación.

c) Dous representantes, con rango de subdirector xeral ou asimilado, da Dirección Xeral para o Desenvolvemento da Sociedade da Información.

d) Un representante do Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico Industrial.

e) Un representante, con rango de subdirector xeral ou asimilado, da Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira.

Actuará como secretario, con voz pero sen voto, un funcionario designado polo presidente da comisión.

2. Corresponderalle á comisión de avaliación:

a) Analizar e valoralas propostas das entidades investidoras para investir no capital de empresas de base tecnolóxica, conforme os criterios de avaliación enunciados no artigo 13.

b) Propo-la estimación ou desestimación das solicitudes presentadas polas entidades investidoras.

c) Realiza-la proposta de prima de éxito ás entidades investidoras de acordo co previsto nos artigos 5 e 6 deste real decreto.

d) Avaliar e establece-lo valor de liquidación dos préstamos nas operacións de desinvestimento xa formalizadas ás que as sometan as entidades investidoras, logo de comprobación do valor de venda e do valor auditado da empresa tecnolóxica no momento do desinvestimento.

3. O funcionamento desta comisión axustarase ós preceptos contidos no capítulo II do título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

4. A comisión de avaliación será convocada polo presidente cando se requira o seu informe para realizar unha proposta de concesión de axuda e cando o número de solicitudes ou de operacións de liquidación que hai que valorar así o aconsellen.

5. Os informes da comisión de avaliación serán preceptivos en tódolos casos sinalados no punto 2 deste artigo, e a súa petición polo órgano instructor poderá dar lugar á suspensión do procedemento por un prazo máximo de tres meses, conforme o sinalado no artigo 42.5.c) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 13. *Criterios de valoración.*

1. A comisión realizará un exame valorativo da entidade investidora e dos proxectos presentados por ela. En canto á entidade investidora, valorará:

a) A experiencia e idoneidade para acomete-los proxectos de investimento que propón.

b) O tempo de funcionamento efectivo das empresas de base tecnolóxica nas que inviste a entidade investidora, sendo obxecto de maior valoración o investimento en empresas de menor tempo de funcionamento.

c) Grao de implicación da entidade investidora no proxecto da empresa de base tecnolóxica.

2. En canto a cada un dos proxectos, valorarase:

a) Adecuación dos proxectos empresariais ós obxectivos e directrices do Plan Nacional de Investiga-

ción Científica, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica (2000-2003).

b) Nivel e carácter innovador do desenvolvemento tecnolóxico proposto.

c) Viabilidade técnica, económica e financeira.

d) Plan de explotación de resultados do proxecto orientado ó mercado, especialmente ó internacional.

#### Artigo 14. *Audiencia e petición de documentación.*

1. Unha vez que a comisión de avaliación correspondente emitise o seu informe, formalizará a proposta de resolución e establecerase o trámite de audiencia durante un prazo de quince días hábiles para que os interesados formulen as alegacións e presenten os documentos e xustificantes que consideren pertinentes, quedando decaídos no seu dereito a alegar se non actúan neste sentido no prazo expresado.

2. Unha vez substanciado o trámite de audiencia, a comisión de avaliación elevará ó órgano competente para resolver as correspondentes propostas de resolución. De acordo co disposto polo punto 4 do artigo 5 do Regulamento de procedemento para a concesión de subvencións públicas, aprobado polo Real decreto 2225/1993, do 17 de decembro, estas deberán expresar:

a) A entidade investidora para a que se propón a concesión ou desestimación da solicitude.

b) A contía de axuda que, se é o caso, se propón conceder, expresando o volume de préstamo, o prazo de amortización e a porcentaxe de prima de éxito.

c) O resultado da avaliación efectuada.

3. En calquera caso, e segundo o establecido no artigo 81.6 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria, o beneficiario queda obrigado a facilitar canta información lle sexa requirida polo Tribunal de Contas.

#### Artigo 15. *Resolución.*

1. Unha vez elevada a proposta de resolución, dicitarse a correspondente resolución estimatoria ou desestimatoria de concesión da axuda solicitada polo órgano competente. A dita resolución, que será motivada, porá fin á vía administrativa.

2. O prazo máximo para notificar a resolución do procedemento de concesión das axudas da liña de apoio financeiro a empresas de base tecnolóxica será de seis meses. Se transcorrido o dito prazo máximo de seis meses, contado desde o día seguinte ó da entrada da solicitude no rexistro do órgano competente para resolver, este non dictase resolución, os interesados estarán lexitimados para entender estimadas as súas solicitudes por silencio positivo.

3. Na resolución estimatoria de concesión das axudas farase constar:

a) Identidade do beneficiario.

b) Obxecto do investimento.

c) Importe da axuda concedida: volume de préstamo, prazo de reembolso e prima de éxito.

d) Condicionamento do pagamento da axuda á xustificación documental, no prazo de dous meses desde a notificación da resolución, de ter realizada a achega de capital á empresa de base tecnolóxica, expresando o valor unitario de adquisición das accións.

e) Obriga por parte do receptor da axuda de expresar nas súas referencias ó proxecto ou actuación que foi obxecto de axudas por parte do Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía.

f) Cantos extremos sexan necesarios polas características do proxecto ou actuación obxecto da axuda.

#### Artigo 16. *Recursos.*

Contra a resolución do procedemento de concesión de axudas poderase recorrer potestativamente en reposición, no prazo dun mes e ante o mesmo órgano que a dictou, de acordo co disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992. Sen prexuízo do anterior, contra a resolución do procedemento de concesión das axudas sinaladas, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ó da data de notificación da dita resolución, cabe interpoñer recurso ante a Sala do Contencioso-Administrativo da Audiencia Nacional.

#### Artigo 17. *Condicións para o pagamento.*

1. O pagamento está condicionado á xustificación documental polo beneficiario, ante o órgano xestor, de que realizou a achega de capital obxecto de axuda.

2. Co fin de cumprilo requirido polo parágrafo segundo do punto 7 do artigo 81 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria, aprobado polo Real decreto lexislativo 1091/1988, do 23 de setembro, o pagamento quedará condicionado á acreditación previa polos interesados de estaren ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e da Seguridade Social ou á comprobación destes extremos polo Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía. Para tal fin, logo de autorización polo interesado, o Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía poderá solicitarlle esta información á Axencia Estatal de Administración Tributaria e á Tesourería Xeral da Seguridade Social.

#### Artigo 18. *Cancelación do préstamo.*

1. O tempo máximo concedido para cancelalo préstamo é o que veña expresado na resolución. Como máximo será de sete anos desde a data de formalización da toma de participación.

2. No suposto de que a entidade investidora retirase total ou parcialmente a súa toma de participación antes do prazo máximo, segundo o previsto no artigo 5, punto 3, deberallo comunicar ó órgano instructor do procedemento, que procederá a calculalo valor de liquidación polo total do préstamo concedido, segundo o establecido no artigo 4, puntos 4 a 7 e no artigo 6.

3. Para o cálculo do importe de liquidación, a entidade investidora debe achegar dúas valoracións das accións da empresa de base tecnolóxica no momento do desinvestimento:

a) O de venda.

b) O valor teórico, determinado por un auditor externo que estea rexistrado no Rexistro Oficial de Auditores de Contas (ROAC). O custo da auditoría será por conta da entidade prestameira sen entrar por tanto no valor da liquidación.

4. Non obstante, e como alternativa ó fixado nos puntos 2 e 3 anteriores, o prestameiro poderalle solicitar ó órgano instructor do procedemento a devolución do préstamo en calquera data anterior ó prazo máximo de sete anos sen que se produza desinvestimento. Neste caso, o valor da liquidación calcularase segundo o establecido no artigo 5, punto 9.

5. O cálculo final do importe que hai que liquidar será fixado polo órgano instructor, que o trasladará ó órgano competente para resolver, a quen lle corresponderá emitir unha resolución de cancelación do préstamo.

#### Artigo 19. *Comité de seguimento.*

1. Constituirase un comité de seguimento dos proxectos de creación ou ampliación de empresas de

base tecnolóxica en que interveñen as entidades investidoras, que valorará desde o punto de vista científico-técnico o progreso e os resultados finais da execución de cada proxecto ou empresa de base tecnolóxica que fose apoiada.

2. Os membros do comité serán designados polo presidente da comisión de avaliación e a presidencia do comité desempeñará o director xeral de Política Tecnolóxica ou o subdirector en quen delegue.

#### Artigo 20. *Informe de explotación de resultados.*

O órgano xestor da axuda concedida poderá requirir das entidades investidoras a presentación de informes técnicos e económicos sobre os resultados de cada empresa de base tecnolóxica durante o tempo en que participou no seu capital. Os ditos informes presentáranse, se é o caso, anualmente e poderase requirir un informe final cando a entidade investigadora formalice o seu desinvestimento.

#### Artigo 21. *Incumprimentos e reintegros.*

1. O incumprimento dos requisitos establecidos no real decreto e demais normas aplicables, así como as cuestións que, se é caso, se establezan na correspondente resolución de concesión, dará lugar, total ou parcialmente, logo do oportuno expediente de incumprimento, á súa cancelación e á obriga de reintegrar as axudas e os xuros legais correspondentes, conforme o disposto no artigo 81.9 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria.

2. Poderase esixir tamén a devolución do importe da prima de éxito, valorado pola comisión de avaliación no momento da cancelación.

3. Será de aplicación o previsto no artigo 82 da citada lei, se concorresen os supostos de infraccións administrativas en materia de subvencións e axudas públicas.

#### Disposición adicional primeira. *Colaboración coas comunidades autónomas.*

O Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía poderá celebrar convenios de colaboración coas comunidades autónomas para o desenvolvemento e cumprimento do disposto neste real decreto.

#### Disposición adicional segunda. *Normativa aplicable.*

No non previsto neste real decreto serán de aplicación a sección 4.<sup>a</sup> do capítulo I do título II do texto refundido da Lei xeral orzamentaria, aprobado polo Real decreto legislativo 1091/1988, do 23 de setembro, e o Regulamento do procedemento para a concesión de subvencións públicas, aprobado polo Real decreto 2225/1993, do 17 de decembro.

#### Disposición transitoria única. *Cómputo das achegas.*

O prazo de dous meses ó que se refire o punto 2 do artigo 3 deste real decreto non será aplicable durante o exercicio 2002, no que se computarán tódalas achegas realizadas desde o 1 de xaneiro do ano 2002 polas entidades investidoras ó capital da empresa de base tecnolóxica, sen que iso exima as ditas entidades da obriga de presentación documental das achegas para efectos de posibilitar o pagamento da axuda, tal como se regula nos artigos 15 e 17 deste real decreto.

#### Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ó abeiro da competencia estatal sobre fomento e coordinación da investigación científica e técnica, de acordo co artigo 149.1.15.<sup>a</sup> da Constitución.

#### Disposición derradeira segunda. *Prazo de presentación e habilitación normativa.*

1. As entidades de capital-risco que cumpran os requisitos sinalados nos artigos 2 e 3 poderán solicitar os préstamos descritos no capítulo I desde o día seguinte ó da publicación no «Boletín Oficial del Estado» deste real decreto e ata o 30 de xuño inclusive do ano 2003.

2. Por orde do ministro de Ciencia e Tecnoloxía poderanse realiza-las convocatorias destas axudas en anos posteriores a 2003, así como modificarse os modelos de solicitude e recollida de datos contidos no anexo deste real decreto.

#### Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 28 de xuño de 2002.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Ciencia e Tecnoloxía,  
ANNA M. BIRULÉS I BERTRAN

### ANEXO

#### Lugar de presentación e relación de documentación

As entidades investidoras presentarán no Rexistro Xeral do Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía (paseo de La Castellana, 160, 28071 Madrid) ou en calquera outro dos previstos no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común:

a) Folla de solicitude (modelo 1) asinada polo solicitante.

b) Declaración de axudas asinada polo representante da empresa de base tecnolóxica (modelo 2).

c) Declaracións de conformidade, en caso de intervención de dúas ou máis entidades investidoras, asinadas polo coordinador e cada participante (modelo 3).

d) Autorización, asinada polo solicitante, ó Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía para solicitarlle, á Axencia Estatal de Administración Tributaria e á Tesourería Xeral da Seguridade Social, os datos relativos ó cumprimento das súas obrigas fiscais e coa Seguridade Social (modelo 4).

e) Cuestionario con datos da entidade solicitante e datos da empresa de base tecnolóxica (modelo 5).

f) Estudo de viabilidade técnico-económica e memoria técnica de cada proxecto de investimento, seguindo as indicacións dos modelos 6 e 7.

g) Nota simple do Rexistro Mercantil referente á empresa na que se proxecta investir (capital social, socios, administradores, estatutos e últimas contas anuais); no caso de que a empresa de alto contido tecnolóxico estea por constituír, remitiranse os datos que consten no Rexistro Mercantil.

h) Copia compulsada da escritura de poder do representante da entidade solicitante, así como do seu documento nacional de identidade.

i) Fotocopia compulsada da tarxeta de identificación de persoas xurídicas e de entidades en xeral.

j) No caso de empresas españolas, acreditación de estaren rexistradas ante a Comisión Nacional do Mercado de Valores ou supervisadas polo Banco de España.

Os modelos referidos nos alíneas a) a e) (modelos 1 a 5) encóntranse á disposición dos interesados na páxina web do Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía ([www.mcyt.es](http://www.mcyt.es)). Deberán cubrirse preferentemente en extensión «.doc» e presentarse en soporte magnético (disquete ou CD-R, enviado en funda protectora e identificado externamente co CIF do solicitante) e en soporte papel, obtido da impresión do soporte magnético.

O estudo de viabilidade técnico-económica e a memoria técnica do proxecto elaboraranse seguindo as indicacións do anexo recollidas na páxina web.

Os formatos de ficheiro admitidos para as memorias do proxecto corresponden ás seguintes extensións: «.pdf», «.rtf», «.txt», «.html», «.doc» e «.wpd»; o tamaño máximo dos ficheiros será de 1.3 Mb.

Se a documentación achegada fose incompleta ou presentase erros emendables, requirirase do responsable que, no prazo de dez días hábiles desde o día seguinte ó da recepción da notificación, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, coa advertencia de que, se non o fixese, se terá por desistido da súa solicitude, de acordo co establecido no artigo 71 da

Lei 30/1992 e logo de resolución, que deberá ser dictada nos termos previstos no artigo 42 da citada lei. Durante os ditos dez días hábiles, o transcurso do prazo máximo legal para resolve-lo procedemento de concesión e notifica-la resolución quedará suspendido, de conformidade co punto 5.a) do artigo 42 da Lei 30/1992.

#### **Modelos que hai que cubrir para realiza-la solicitude**

Modelo 1: Folla de solicitude.

Modelo 2: Declaración de axudas.

Modelo 3: Declaracións de conformidade.

Modelo 4: Autorización de petición de datos fiscais e de S. S.

Modelo 5: Cuestionario.

Modelo 6: Instrucións para a elaboración do estudo de viabilidade.

Modelo 7: Instrucións para a elaboración da memoria técnica.

Formalizarase a través do programa descargable da páxina web do Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía ([www.mcyt.es](http://www.mcyt.es)). Presentarase en soporte magnético (disquete ou CD-R, enviado en funda protectora e identificado externamente co CIF do solicitante) e, unha vez impreso, unha copia en soporte papel.

**MODELO 1**  
**SOLICITUDE DE AXUDA á liña de apoio á capitalización de empresas de base tecnolóxica**  
**R.D. que regula as bases e réxime de funcionamento da liña de apoio á capitalización de empresas de base tecnolóxica**

**1. DATOS DE IDENTIFICACIÓN DO SOLICITANTE**

Nome	<input type="text"/>	Apelidos	<input type="text"/>
Número do documento nacional de identidade (DNI) ou pasaporte	<input type="text"/>		
Razón social da entidade investidora á que representa	<input type="text"/>		
NIF	<input type="text"/>		

**2. DATOS RELATIVOS Á NOTIFICACIÓN**

(Se difire do solicitante):			
Nome	<input type="text"/>	Apelidos	<input type="text"/>
Domicilio de notificacións (avda., rúa, praza)	<input type="text"/>		
Localidade	<input type="text"/>		
Código postal	<input type="text"/>	Provincia	<input type="text"/>
Correo electrónico	<input type="text"/>	FAX	<input type="text"/>
Teléfono	<input type="text"/>		

**3. DATOS RELATIVOS Á SOLICITUDE**

En caso de que o investimento na empresa de base tecnolóxica se realice por máis dunha entidade investidora deberanse cubri-las follas de solicitude do modelo 3.

Razón social da empresa de base tecnolóxica na que se inviste	
<input type="text"/>	
1. Participación da entidade investidora no capital da empresa de base tecnolóxica: .....	euros
En % sobre o capital da empresa .....	%
2. Data prevista de investimento na empresa de base tecnolóxica (mes e ano): .....	
3. Préstamo solicitado: .....	euros
4. Prazo de reembolso solicitado (máximo 7 anos): .....	
Este dato é meramente indicativo e non vincula o solicitante (ver art. 5.9 do RD ó que se refire a solicitude).	
Programa Nacional/Acción Estratéxica/Acción Horizontal a que se asocia a actividade da empresa de base tecnolóxica: (ver cadro adxunto)	
Código	Título
<input type="text"/>	<input type="text"/>

O solicitante comprométese a achega-las contas anuais e demais estados contables de carácter público da entidade investidora a que se refire a circular 5/2000, do 19 de setembro, da CNMV (BOE do 3 de outubro de 2000) que lle poidan ser requiridos ó longo do proceso de avaliación desta solicitude.

Lugar e data	Sinatura do solicitante

ILMO. SR. DIRECTOR XERAL DE .....

Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía

DATOS ECONÓMICOS EN EUROS SEN DECIMAS

## CADRO DE CÓDIGOS DE PROGRAMAS NACIONAIS (MODELO 1)

## CLAVES DOS PROGRAMAS NACIONAIS – ACCIÓNS ESTATRÉXICAS – ACCIÓNS HORIZONTAIS

PROGRAMA NACIONAL DE BIOTECNOLOXÍA	010000
PROGRAMA NACIONAL DE DESEÑO E PRODUCCIÓN INDUSTRIAL	020000
-ÁREA TEMÁTICA XERAL DE DESEÑO E PRODUCCIÓN INDUSTRIAL	020100
-ACCIÓN ESTRATÉXICA SOBRE MECANIZADO A ALTA VELOCIDADE: MÁQUINA-FERRAMENTA	020200
-ÁREA TECNOLÓXICA: MATERIAL FERROVIARIO	020300
PROGRAMA NACIONAL DE MATERIAIS	030000
PROGRAMA NACIONAL DE PROCESOS E PRODUCTOS QUÍMICOS	040000
PROGRAMA NACIONAL DE RECURSOS NATURAIS	050000
PROGRAMA NACIONAL DE RECURSOS E TECNOLOXÍAS AGROALIMENTARIAS	060000
PROGRAMA NACIONAL DE TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E AS COMUNICACIÓNS	070000
-ACCIÓN ESTRATÉXICA SOBRE SEGURIDADE E CONFIANZA NOS SISTEMAS DE INFORMACIÓN E NAS COMUNICACIÓNS	070200
PROGRAMA NACIONAL DE SOCIOECONOMÍA	080000
PROGRAMA NACIONAL DE BIOMEDICINA (ACCIÓN PROFARMA)	090000
PROGRAMA NACIONAL DE AERONÁUTICA	100000
-ACCIÓN ESTRATÉXICA SOBRE ESTRUCTURAS AVANZADAS	100100
-ACCIÓN ESTRATÉXICA SOBRE SISTEMAS AERONÁUTICOS AVANZADOS	100200
-ACCIÓN ESTRATÉXICA SOBRE AERODINÁMICA E PROPULSIÓN	100300
-ACCIÓN ESTRATÉXICA SOBRE XESTIÓN DO TRÁFICO AÉREO E AEROPORTUARIO	100400
PROGRAMA NACIONAL DE AUTOMOCIÓN	110000
- ACCIÓN ESTRATÉXICA SOBRE SISTEMAS DE SEGURIDADE NOS VEHÍCULOS	110100
- ACCIÓN ESTRATÉXICA SOBRE RECICLAXE E MANTEMENTO DE VEHÍCULOS E COMPOÑENTES	110200
- ACCIÓN ESTRATÉXICA SOBRE VEHÍCULOS DE TRANSPORTE PÚBLICO E ESPECIAIS	110300
PROGRAMA NACIONAL DE ENERXÍA	120000
-ACCIÓN ESTRATÉXICA SOBRE SISTEMAS ENERXÉTICOS MÁIS EFICIENTES E MENOS CONTAMINANTES	
-Enerxía eólica	120101



-Energía solar térmica	120102
-Energía solar fotovoltaica	120103
-Biomasa	120104
-Pilas de combustible	120105
-ACCIÓN ESTRATÉGICA SOBRE TRANSPORTE, ALMACENAMIENTO, DISTRIBUCIÓN E UTILIZACIÓN MÁIS ECONÓMICOS E EFICIENTES DA ENERXÍA	
-Transporte, distribución e almacenamento de electricidade	120201
-Uso final da enerxía	120202
-ACCIÓN ESTRATÉGICA SOBRE SISTEMAS ALTERNATIVOS DE PROPULSIÓN E NOVOS COMBUSTIBLES PARA O SECTOR DO TRANSPORTE	
-Combustibles alternativos	120301
-Mellora de combustibles	120302
-Propulsión eléctrica	120303
-OUTRAS ACTUACIÓNS	
-Utilización de combustibles fósiles	120401
-Integración das enerxías renovables	120402
-Seguridade de instalacións nucleares e transmutación de residuos nucleares	120403
-Impacto sobre o ambiente e a saúde das persoas	120404
PROGRAMA NACIONAL DE ESPACIO	130000
-ACCIÓN ESTRATÉGICA SOBRE DESENVOLVEMENTOS TECNOLÓXICOS DE SUBSISTEMAS E EQUIPAMENTOS PARA PEQUENAS PLATAFORMAS (MINISATÉLITES E MICROSATÉLITES)	130100
-ACCIÓN ESTRATÉGICA SOBRE INSTRUMENTOS E EXPERIMENTOS EMBARCABLES PARA OBSERVACIÓN DA TERRA, MICROGRAVIDADE E CIENCIA ESPACIAL	130200
-ACCIÓN ESTRATÉGICA SOBRE SUBSISTEMAS E APLICACIÓNS PRECOMPETITIVAS EN TELECOMUNICACIÓNS, NAVEGACIÓN E TELEDETECCIÓN POR SATÉLITE	130300
-OUTRAS ACTUACIÓNS COMPLEMENTARIAS PARA ARTICULAR, SE É O CASO, AS ACCIÓNS INCLUÍDAS NAS ACCIÓNS ESTRATÉGICAS ANTERIORES	130400
PROGRAMA NACIONAL DE AMBIENTE	140000
-ACCIÓN ESTRATÉGICA SOBRE TECNOLOXÍAS DE XESTIÓN E TRATAMENTO DE RESIDUOS	140100
PROGRAMA NACIONAL DE SOCIEDADE DA INFORMACIÓN	150500
PROGRAMA NACIONAL DE TRANSPORTES E ORDENACIÓN DO TERRITORIO	160000
-ACCIÓN ESTRATÉGICA SOBRE MELLORA DA SEGURIDADE NO TRANSPORTE	160100
-ACCIÓN ESTRATÉGICA SOBRE SISTEMAS E SERVICIOS INTELIXENTES DE TRANSPORTE	160300
ACCIÓN HORIZONTAL DE APOIO A CENTROS TECNOLÓXICOS	170000
ACCIÓN HORIZONTAL DE APOIO Ó SISTEMA DE GARANTÍAS PARA PROXECTOS CUN DESENVOLVEMENTO TECNOLÓXICO AVANZADO	180000

DATOS ECONÓMICOS EN EUROS SEN DECIMAIS

**MODELO 2**  
**DECLARACIÓN DE AXUDAS PERCIBIDAS POLA EMPRESA DE BASE TECNOLÓXICA**  
**Datos a recoller pola entidade investidora**

**DATOS DO REPRESENTANTE DA EMPRESA DE BASE TECNOLÓXICA**

<b>Nome</b>	
<b>NIF</b>	
En representación de	
<b>Razón social</b>	
<b>CIF</b>	

**DECLARA**

- Que non solicitou nin obtivo ningún tipo de axuda de calquera Administración ou ente público, nacional ou internacional, en relación co proxecto de investimento da entidade investidora obxecto desta solicitude.
- Que solicitou ou obtivo as seguintes axudas de calquera Administración ou ente público, nacional ou internacional, en relación co proxecto de investimento da entidade investidora obxecto desta solicitude.

<b>FINANCIAMENTO PÚBLICO (*)</b>				
	<b>SOLICITADO</b>		<b>OBTIDO</b>	
	<b>Data</b>	<b>Importe (**)</b>	<b>Data</b>	<b>Importe (**)</b>
Créditos CDTI				
Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía				
Subvencións Incentivos Rexionais (Ministerio de Economía)				
CC.AA./CC.LL.				
Outro financiamento público				
<b>TOTAL</b>				

(\*) Indicar a qué programa ou convocatoria pública corresponde (\*\*) Datos en euros sen decimais

**E COMPROMÉTESE**

- A comunicar por escrito a esta Dirección Xeral, no prazo máximo de 15 días a partir da data de recepción das correspondentes notificacións, calquera modificación sobre o financiamento público solicitado ou recibido relativo ó proxecto de investimento obxecto desta solicitude pola entidade investidora.
- A non solicitar ningunha axuda estatal ó investimento que non sexa de mínimos durante os tres anos seguintes á toma de participación no seu capital pola entidade investidora, segundo o art. 3.1.f) deste real decreto.

<b>LUGAR E DATA</b>	<b>SINATURA</b>

DATOS ECONÓMICOS EN EUROS SEN DECIMAIS

**MODELO 3**

**SÓ PARA PROXECTOS NOS QUE INTERVEÑAN DÚAS OU MÁIS ENTIDADES INVESTIDORAS (ART. 9.4 DO R.D. QUE REGULA AS BASES E RÉXIME DE FUNCIONAMENTO DA LIÑA DE APOIO Á CAPITALIZACIÓN DE EMPRESAS DE BASE TECNOLÓXICA)**

**DECLARACIÓN DE CONFORMIDADE**

CUBRIR UN IMPRESO POLO COORDINADOR E OUTRO POR CADA UN DOS PARTICIPANTES

Datos do representante:					
Nome:			Apelido 1		
			Apelido 2		
DNI:			Cargo		
Teléfono:		Fax		Correo electrónico	
En nome e representación de:					
Razón social				NIF	
Domicilio social					
Localidade			Código postal		Provincia
Teléfono		Fax		Correo electrónico	
Lugar de realización:					
Localidade			Código postal		Provincia
MANIFESTA a súa conformidade en coinvestir na empresa de base tecnolóxica denominada:					
Polo importe de ..... euros					
Sinatura do representante da entidade e selo desta:					

NOTA: No caso de ser necesario, sacar cantas copias se precisen

DATOS ECONÓMICOS EN EUROS SEN DECIMAIS

**MODELO 4****AUTORIZACIÓN PARA A SOLICITUDE POLO MINISTERIO DE CIENCIA E TECNOLOXÍA DA CERTIFICACIÓN DE CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E DA SEGURIDADE SOCIAL**

Autorízase o Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía a solicitar, se procede, da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería Xeral da Seguridade Social, os datos relativos ó cumprimento das obrigas tributarias e da Seguridade Social do solicitante da axuda precisos para comproba-lo cumprimento dos requisitos establecidos para a súa percepción.

Esta autorización outórgase unicamente con respecto á axuda concedida, e en aplicación do establecido no artigo 1.4 do Regulamento de procedemento para a concesión de axudas e subvencións públicas, aprobado mediante o Real decreto 2225/1993, do 17 de decembro.

Datos da entidade solicitante da axuda	
Razón social	
CIF	

Datos do representante da entidade	
Nome e apelidos	
DNI	

Lugar e data	Sinatura (s)	
	Entidade	Representante

**NOTA: A autorización concedida polo asinante pode ser revogada en calquera momento mediante escrito dirixido ó Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía**

DATOS ECONÓMICOS EN EUROS SEN DECIMAIIS

**MODELO 5 (CUESTIONARIO)****1. DATOS DA ENTIDADE INVESTIDORA SOLICITANTE****1.1. IDENTIFICACIÓN DA ENTIDADE INVESTIDORA SOLICITANTE**

Razón social				NIF	
Domicilio social					
Localidade			Código postal		Provincia
Teléfono		FAX		Correo electrónico	
Nº de rexistro na CNMV					

**1.2. PERSOA DE CONTACTO DA ENTIDADE**

Nome		Apelido 1			
		Apelido 2			
Cargo					
Teléfono		FAX		Correo electrónico	
CUBRIR SÓ SE DIFIRE DOS DATOS DE 1.1.:					
Enderezo					
Localidade			Código postal		Provincia

**1.3. ESTADO CONTABLE DA APLICACIÓN DO BENEFICIO DA ENTIDADE INVESTIDORA NO ÚLTIMO EXERCICIO**

Datos do exercicio.....

Importe en euros

**SALDOS DISPOÑIBLES**

Beneficio neto do exercicio	
Remanente	
SUMA	

**APLICACIÓN**

Dividendos	
Outras reservas	
Outros fins	
Remanente	
SUMA	

DATOS ECONÓMICOS EN EUROS SEN DECIMAIS

**2. DATOS DO PROXECTO DE INVESTIMENTO NA EMPRESA DE BASE TECNOLÓXICA****2.1. RAZÓN SOCIAL DA EMPRESA DE BASE TECNOLÓXICA****2.2. INTERVENCIÓN DOUTRAS ENTIDADES INVESTIDORAS**

Individual (Só intervén a entidade solicitante)

Interveñen dúas ou máis entidades

Nº de participantes incluído o coordinador

**2.3. LUGAR DE REALIZACIÓN DO PROXECTO DA EMPRESA DE BASE TECNOLÓXICA (Sinala-los dous principais)**

	LUGAR 1	LUGAR 2
Localidade		
Provincia		
Código postal		
% de realización do orzamento		

**2.4. SITUACIÓN DA EMPRESA DE BASE TECNOLÓXICA**

Inicia a súa actividade en data .....

Amplía o seu capital en data .....

En caso de ampliación de capital:

data de inicio da actividade da empresa de base tecnolóxica .....

data de funcionamento segundo o número 3 do artigo 3 do RD 801/2002, do 28 de xuño .....

DATOS ECONÓMICOS EN EUROS SEN DECIMAIS

**2.5. ESTADO DE PROTECCIÓN DA TECNOLOXÍA DO PROXECTO DA EMPRESA DE BASE TECNOLÓXICA**

DATOS ECONÓMICOS EN EUROS SEN DECIMAS

<b>2.6. ORZAMENTOS DO PROXECTO</b>	<b>Anos anteriores</b>	<b>2002</b>	<b>2003</b>	<b>2004</b>
Investimentos en aparellos e equipos físicos e lóxicos				
Materiais				
Persoal				
-Titulado (superior e medio)				
-Non titulado				
Colaboracións externas				
Outros gastos				
<b>TOTAL</b>				

<b>2.7. FINANCIAMENTO DO PROXECTO (PREVISIÓNS)</b>	<b>Anos anteriores</b>	<b>2002</b>	<b>2003</b>	<b>2004</b>
<b>FINANCIAMENTO PRIVADO</b>				
Financiamento propio (sen achega da entidade investidora)				
Financiamento da entidade investidora				
Créditos privados e outro financiamento privado				
<b>FINANCIAMENTO PÚBLICO (*)</b>				
Créditos CDTI				
Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía				
Subvencións Incentivos Rexionais (Ministerio de Economía)				
CC.AA/CC.LL.				
Outro financiamento público				
<b>TOTAL</b>				

(\*) Indicar a qué programa ou convocatoria pública corresponde

DATOS ECONÓMICOS EN EUROS SEN DECIMAIS



## MODELO 6

*Instruccións para a elaboración do estudo de viabilidade económica do proxecto da empresa de base tecnolóxica*

A entidade investidora deberá expoñer as razóns polas que considera o proxecto viable economicamente. Trátase de fundamentar a decisión de investir no proxecto da empresa de base tecnolóxica comentando os datos cuantitativos recollidos nos puntos do cuestionario 2.6 a 2.7 e aludindo a:

## 1.º Mercado potencial:

a) Posibles aplicacións do produto. Vantaxes que comporta o produto ó cliente ou usuario, en comparación coa oferta presente no mercado.

b) Volume do mercado nacional e estranxeiro relacionado co proxecto.

2.º Análise da competencia: empresas competidoras máis significativas e posibilidade de se introducir no mercado.

## MODELO 7

*Instruccións para a elaboración da memoria técnica*

Deberá responder ó seguinte índice:

a) Obxectivo do proxecto da empresa de base tecnolóxica.

b) Descrición do proxecto da empresa de base tecnolóxica: desenvolvemento tecnolóxico que comporta, novidades ou melloras en procesos ou produtos.

c) Metodoloxía de desenvolvemento e plan de traballo da empresa nos próximos tres anos (ano en que se realiza a achega e dous posteriores).

d) Colaboracións externas: explicación das tarefas encomendadas a organismos públicos de investigación ou a centros tecnolóxicos.

e) Outros aspectos que se crea necesario destacar á vista dos criterios de avaliación recollidos no artigo 13 do real decreto.

**14079** REAL DECRETO 648/2002, do 5 de xullo, polo que se modifica o anexo III do Real decreto 1987/1985, do 24 de setembro, sobre normas xerais de instalación e funcionamento das estacións de ITV. («BOE» 169, do 16-7-2002.)

O modelo de informe establecido no anexo III do Real decreto 1987/1985, do 24 de setembro, sobre normas xerais de instalación e funcionamento das estacións ITV, definía unha codificación dos defectos encontrados na inspección ITV acordada coa metodoloxía existente no momento da súa publicación.

En aplicación do artigo 12 do Real decreto 2042/1994, do 14 de outubro, polo que se regula a inspección técnica de vehículos, o Manual de procedemento de inspección das estacións ITV foi sometido a unha revisión para adaptalo ós criterios técnicos de inspección, tanto de carácter nacional como da Unión Europea na materia.

Como consecuencia da dita revisión, foi necesario modificar a denominación, agrupamento e codificación da maioría das unidades de inspección dos vehículos.

Resulta, por tanto, necesario modificarlo citado modelo de informe de inspección para adecualo ó novo Manual de procedemento de inspección das estacións ITV, así como para mellorar a información sobre o alcance e rastrexabilidade da inspección, medicións efectuadas durante a inspección e mellorar a información ó usuario sobre os defectos encontrados durante a inspección e o seu alcance.

Este real decreto díctase ó abeiro da competencia exclusiva do Estado en materia de bases e coordinación da planificación xeral da economía e de tráfico e circulación de vehículos de motor, establecidas polos artigos 149.1.13.<sup>a</sup> e 149.1.21.<sup>a</sup>, respectivamente, da Constitución española.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Ciencia e Tecnoloxía, co previo informe do Ministerio de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación no Consello de Ministros na súa reunión do día 5 de xullo de 2002,

## DISPÓN O:

**Artigo único.** *Modificación do anexo III do Real decreto 1987/1985, do 24 de setembro.*

Modifícase o anexo III do Real decreto 1987/1985, do 24 de setembro, que queda redactado como se indica no anexo desta disposición.

**Disposición derradeira primeira.** *Título competencial.*

Este real decreto díctase ó abeiro da competencia exclusiva do Estado en materia de bases e coordinación da planificación xeral da economía e de tráfico e circulación de vehículos de motor, establecidas polos artigos 149.1.13.<sup>a</sup> e 149.1.21.<sup>a</sup>, respectivamente, da Constitución española.

**Disposición derradeira segunda.** *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2003.

Dado en Madrid o 5 de xullo de 2002.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Ciencia e Tecnoloxía,  
ANNA M. BIRULÉS I BERTRAN

## «ANEXO III

**Características do informe de inspección técnica de vehículos e normas para a súa formalización**

## I. Características do informe.

Primeiro. 1. Apróbase o modelo do informe de inspección técnica de vehículos, que se inclúe no apéndice 1 deste anexo.

2. O informe constará dos seguintes epígrafes:

- A. Identificación da estación ITV e do vehículo.
- B. Alcance e rastrexabilidade da inspección.
- C. Medicións efectuadas durante a inspección.
- D. Relación de defectos encontrados na inspección.
- E. Resultado da inspección.

3. O dito informe ten carácter de información básica, e pode ser modificado por cada comunidade autónoma pero mantendo tódolos conceptos, gru-